



Concello  
da Estrada

## **XI TORNEO DE TENIS DE DOBRES** **“CONCELLO DA ESTRADA”**

- 1.-O torneo rexerase polas normas da Real Federación Española de Tenis.
- 2.-Os partidos disputaranse ao mellor de tres sets, con tie break en todos eles, e super tie break en lugar de terceiro set.
- 3.-O sistema de competición será eliminatorio con cabezas de serie que se establecerán pola organización.
- 4.-Aplicarase W.O. a todo xogador/a que non estea preparado/a para disputar o seu partido transcorridos 15 minutos da hora sinalada para o comezo. O quecemento na pista non superará os 10 minutos. Recoméndaselle aos xogadores, do segundo e terceiro turno, que estean nas pistas media hora antes do comezo dos seus partidos.
- 5.-Lémbrese aos/as xogadores/as que teñan dificultades de horarios que deberán comunicalo á organización no momento da inscrición. A organización tratará de axustarse ás necesidades dos/das participantes. Unha vez confeccionados os horarios, estes non serán alterados e polo tanto non se accederá a cambios posteriores.
- 6.-Para cada partido utilizarase un bote de pelotas que terán que recoller na conserxería do Pavillón “M. Coto Ferreiro” e devolver ao remate do mesmo.

**7.-**No caso de aprazamento dalgún partido pola choiva ou por atoparse as pistas molladas, este terá que xogarse nos días e horas que quedan libres no calendario, previa consulta coa Organización.

**8.-**Se nalgunha categoría non se acada un número suficiente de inscricións, o torneo farase en formato mixto.

**9.-**Os resultados dos partidos comunicaranse ao Departamento de Deportes do Concello ou no pavillón municipal Coto Ferreiro (Tf. **986 570030**) das 9 ás 14 h.

**10.-** O sorteo celebrárase o martes 18 de xuño e o remate do prazo de inscricións será o luns 17 de xuño.

**11.- DEREITOS DE IMAXE:** Estas bases son públicas. A inscrición ou participación no torneo supón a cesión dos dereitos de imaxe a: Concello da Estrada e Escola de Tenis MVL por parte de tódolos participantes na proba, sexan xogadores, adestradores, membros da organización ou público. Todo aquel xogador, adestrador, membro da organización ou público que non desexe participar coa súa imaxe nos actos da proba excepto: fotografías de entrada en pista, de grupo e entrega de trofeos, deberá comunicalo por escrito a través dos canles de comunicación da proba.

